



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Estimación recurso reposición contra as bases específicas para a convocatoria dunha praza de orientador/a laboral incluída na OEP para a estabilización do emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021. Modificación requisito titulación

ANUNCIO

Asunto: Modificación do requisito da titulación esixida nas bases específicas para a convocatoria dunha praza de orientador/a laboral incluída na Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

A Resolución da Alcaldía nº 1388/2023, de 16 de novembro, resolveu o seguinte:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por Sonia María González Rodríguez, en representación do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia, fronte á Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de data 29 de novembro, que aprobou as bases xerais, específicas e a convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro.

Segundo.- Modificar o Anexo XI da Resolución nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais, específicas e a convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro, base específica segunda, letra c) no apartado de titulación esixidas, onde dí “título universitario de diplomado ou grao en Graduado Social, Ciencias do Traballo, Dereito, Económicas, Empresariais, ADE, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía”, pasa a ter a seguinte redacción: “título universitario de licenciatura, diplomatura ou grao en Graduado Social, Ciencias do Traballo, Dereito, Económicas, Empresariais, ADE, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía, Educación Social ou equivalente”.

Terceiro.- Acordar a publicación desta modificación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificar o acordo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, tras a publicación no BOP desta modificación.

Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre para aquelas persoas que estean en posesión das titulacións de diplomatura ou grao en Educación Social.

Non obstante o anterior e a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, os méritos valoraranse con referencia ao 16 de xaneiro de 2023, data na que rematou o prazo inicial de presentación de instancias aberto tras a publicación do anuncio da convocatoria no BOE do 16 de decembro de 2022.

As persoas aspirantes que teñan presentado solicitude de participación dentro do prazo inicial de presentación de instancias, aberto coa publicación no BOE do 16 de decembro de 2022 do anuncio da convocatoria, non precisan reiterar a instancia, salvo renuncia expresa.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

O que se publica para xeral coñecemento e efectos.

Teo, 21 de novembro de 2023.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz